

PEC

2020

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP de CABANAS

DATA RENOVACIÓN: XUÑO 2020

DATA APROBACIÓN CLAUSTRO:

Curso 2020-2021

DATA APROBACIÓN CONSELLO ESCOLAR:

Curso 2020-2021

DATA NOVA REVISIÓN

TÁBOA DE CONTIDO


1. INTRODUCCIÓN	3
2. XUSTIFICACIÓN E BASE LEGAL	5
3. ONDE ESTAMOS? CONTEXTUALIZACIÓN	8
4. QUEN SOMOS? SINAIS DE IDENTIDADE	18
<u>4.1. ESCOLA UNESCO</u>	18
<u>4.2. Confesionalidade</u>	19
<u>4.3. Lingua de aprendizaxe</u>	19
<u>4.4. Liña metodolóxica.</u>	20
<u>4.5. Tarefas escolares</u>	21
<u>4.6. Valores e transversalidade</u>	22
<u>4.7. Aulas fóra das aulas.</u>	23
<u>4.8. Coeducación e igualdade</u>	23
<u>4.9.. Atención á diversidade</u>	24
<u>4.10. Tratamento das competencias básicas:</u>	24
<u>4.11. Principios de convivencia</u>	25
<u>4.12. Principios pedagóxicos</u>	25
<u>4.13. Área de libre configuración de centro</u>	26
<u>4.14. Xestión institucional (relacións centro-entorno)</u>	27
5. QUE PRETENDEMOS? PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS	30
<u>5.1. Obxectivos de ámbito curricular e innovación</u>	31
<u>5.2. De ámbito da participación e da integración</u>	33
<u>5.3. De ámbito da organización e da administración</u>	34
<u>5.4. De ámbito dos recursos</u>	35
<u>5.5. De ámbito dos servizos</u>	36
6. COMO NOS ORGANIZAMOS?	38
<u>6.1. Órganos de Goberno e Participación.</u>	38
<u>6.2. Órganos de Coordinación Docente.</u>	39
<u>6.3. Outras estruturas organizativas</u>	43
<u>6.4. OUTROS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS</u>	46
<u>6.5. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.</u>	47
<u>6.6. AVALIACIÓN</u>	47
<u>6.7. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.</u>	48

1. INTRODUCCIÓN

Este PROXECTO EDUCATIVO é o instrumento para a planificación e xestión do CEIP de CABANAS, pensado a partir da análise da nosa comunidade escolar, que recolle a proposta integral para dirixir e orientar coherentemente os procesos de intervención educativa.

Os nosos obxectivos só se poderán conseguir a través do esforzo persoal de profesorado e alumnado coa colaboración por parte das familias das esixencias didácticas e da normativa de obrigado cumprimento. Pretendemos unha educación para todos e unha educación en valores, favorecendo a convivencia baseada no respecto mutuo entre os diversos membros da comunidade educativa.

Este documento marca a personalidade do centro e servirá de base para a elaboración das diferentes programacións. Así mesmo complétase con outros documentos de xestión que se relacionan a continuación:



PROXECTO CURRICULAR
PROGRAMACIÓNS DOCENTES
PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
PLAN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
PLAN LECTOR
NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
PROXECTO LINGÜÍSTICO
PLAN CONVIVENCIA
PLAN INTEGRACIÓN TIC
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL
PLAN IGUALDADE
PLAN COMUNICACIÓN DE CENTRO

Parte destes documentos complementarios están renovados e actualizados recentemente e outros están en proceso de renovación.

O Proxecto Educativo será, xa que logo, o marco legal de funcionamento do CEIP de CABANAS e vai responder ás preguntas:

- Onde estamos? (análise do contexto)
- Quen somos? (sinais de identidade)
- Que queremos? (obxectivos a conseguir)
- Como nos imos organizar? (estrutura organizativa)

2. XUSTIFICACIÓN E BASE LEGAL

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), (ratificada pola LOMCE) na línea 2 do art 120 (Cap.II) di: “Os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as normas de organización e funcionamento do centro”.

Así mesmo, nas líneas 1 e 2 do art 121 e con respecto ao proxecto educativo, dise:

1. “O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación. Así mesmo, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa que corresponde fixar e aprobar ao claustro, así como o tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outras ensinanzas”.

2. “Este proxecto, que deberá ter en conta as características do ámbito social e cultural do centro, recollerá a forma de atención á diversidade do alumnado e a acción tutorial, así como o plan de convivencia, e deberá respectar o principio de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación”.

Normas básicas:

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Declaración dos Dereitos do Neno/a (1959).
- Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos (1966).
- Constitución Española (1978).
- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981).
- Lei de Galicia 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 2/2014, do 14 de Abril, para a igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Normas educativas xerais:

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, do Dereito á Educación (LOE).

- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 8/05/07)
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG, 20/05/2011).
- Lei de Galicia 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Normas sobre Educación Infantil e Primaria:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG, 21/10/96).
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 9/09/14).

3. ONDE ESTAMOS? CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP de CABANAS púxose en funcionamento en 1987, coa denominación “Colexio Público Comarcal de Cabanas”, comezando a funcionar como centro de dúas liñas de E.X.B.

No ano 1998, integrouse no centro a escola de E. Infantil de Cabanas, pasándose a chamar “Colexio de Educación Infantil e Primaria de Cabanas” (CEIP de CABANAS).

3.1. Situación xeográfica. O concello de Pontevedra.

A parroquia de Salcedo está situada ao Suroeste do concello de Pontevedra cunha extensión aproximada de 7,5 Km². Limita polo Norte coas parroquias de San Xosé e a Virxe do Camiño, polo Leste coa parroquia de Tomeza, polo Sur co concello de Vilaboa e polo Oeste coa parroquia de Lourizán e o concello de Marín.

A súa configuración territorial está composta por 27 entidades de poboación oficialmente recoñecidas: A Almuíña, Birrete, Cabanas, O Campo da Porta, Cancela, A Carballa, A Carballeira, O Carballo do Pazo, O Carramal, O Casal, A Costa, O Cruceiro, A Esculca, A Igrexia, Matalobos, A Muimenta, A Ruibal, O Xistro, A Armada, O Nabalexo, O Pazo, Campolongo, A Chamusca, Cobas, As Estrigueiras, Mollavao e San Brais.

Segundo o último mapa de zonificación que entrou en vigor no curso 2016/17, a zona de influencia do CEIP de Cabanas ven delimitada polo seguinte perímetro:

- Rúa Estación (ámbalas dúas beirarrúas) ata estación de ferrocarril (excluída).
- Vía do ferrocarril dende estación de Pontevedra (excluída) ata intersección co río Gafos.
- Río Gafos desde a intersección anterior cara ao sur ata límite do concello.
- Quedan incluídos neste perímetro os lugares da parroquia de Salcedo: A Armada, Birrete, Cabanas, O Campo da Porta, A Cancela, A Carballa, A Carballeira (Salcedo), O Carballo do Pazo, O Carramal, O Casal, A Costa, O Cruceiro (Salcedo), A Esculca, Matalobos, A Muimenta e O Nabalexo.
- Quedan incluídos neste perímetro o lugar da parroquia de A Virxe do Camiño: A Ponte do Couto
- Tamén se inclúe a Base Xeneral Morillo (BRILAT), situada no enderezo A Armada 35, Salcedo.

- Prolongación de Pintor Urbano Lugrís cruzando a rúa San Brais e atravesando a ponte sobre a circunvalación da autoestrada, deixando a un lado os lugares de A Igrexa (Salcedo) e O Xistro, estando estes excluídos da ÁREA DE INFLUENCIA e quedando incluído Matalobos.
- Pintor Urbano Lugrís vindo dende San Brais (beirarrúa sur) ata Pintor Virxilio Blanco
- Pintor Virxilio Blanco (beirarrúa leste)
- Bibiano Fernández Osorio Tafall (beirarrúa sur)

O noso centro, polo tanto, acolle a alumnado, tanto rural da parroquia de Salcedo como urbano da parte sur da cidade de Pontevedra.

Aínda que no seu momento estiveron practicamente equiparados o número de alumnos/as procedentes de cada zona, nos últimos anos vese unha clara tendencia ao aumento do alumnado urbano, fundamentalmente por dous motivos:

- Aínda que a parroquia de Salcedo ten un número de asentamentos de poboación elevado (máis denso canto máis nos achegamos aos lindes da cidade) e que é unha das parroquias máis poboadas de Pontevedra, nos últimos 30 anos a poboación descendeu lixeiramente (1'28 % entre 1981 e 2012).

- A área de influencia no casco urbano (Avenida de Vigo e rúas anexas) correspóndese cunha das zonas de maior crecemento urbanístico e demográfico da cidade.

As circunstancias actuais, dende a pasada crise económica, introducen variables (desemprego, diminución de salario,...) que afectan ás familias de modo e forma que resulta difícil para o centro facer unha análise da situación socio-económica e perspectivas respecto do alumnado.

Con todo, entendemos que aparecen dous niveis económico-sociais diferentes:

Nun primeiro nivel agrupamos a un grupo significativo de familias de clase media ou media-alta. Os alumnos/as deste grupo teñen facilidades na casa para poder estudar e as expectativas das familias tenden ás carreiras universitarias.

O segundo grupo está constituído por familias cun nivel socioeconómico medio-baixo ou baixo, con poucas expectativas de pór a disposición do alumnado os medios e posibilidades que permitan a realización de estudos superiores ou aqueles que proporcionen unha cualificación profesional que lles posibilite e facilite a inserción laboral.

Máis alá destas consideracións, entendemos que as posibilidades formativas que oferta Pontevedra no ámbito universitario e no ámbito da Formación Profesional de grao medio e superior, así como a relativa proximidade tanto de Vigo coma de Santiago de Compostela, favorece a que todo o alumnado, tralo remate das ensinanzas obrigatorias, poida atopar opcións de continuidade que respondan ás súas circunstancias e intereses.

O panorama asociativo do contorno é abundante. Ademais das ANPAs dos centros educativos da parroquia existen diversas asociacións veciñais, asociacións músico - culturais, clubs deportivos, cunha ampla oferta de actividades.

As propostas culturais e lúdico-formativas do contorno complementáse coas ofrecidas por diferentes institucións e/ou asociacións públicas ou privadas ubicadas no municipio (Concello de Pontevedra, Deputación, Museo, Policía Local,...)

No lugar da Igrexa atopamos, ademais de todo o conxunto eclesiástico, unha serie de equipamentos de interese xeral, como a escola de música e a Casa do Pobo cun amplo espazo de zona verde. Tamén a nova casa da cultura, “A Casa Verde”.

No lugar de Cabanas están localizados equipamentos de sistemas xerais como o Consello Regulador de rías Baixas e a Consellería de Agricultura. Tamén se encontra neste lugar o noso colexio, o pavillón deportivo e o antigo parvulario que alberga un centro social.

Na Carballeira localízase a Misión Biolóxica de Galicia, na Armada parte do centro de adestramento do exército e no Casal o campo de fútbol.

Para atender este apartado debemos facer referencia a catro aspectos que se interrelacionan e inflúen mutuamente: o contorno, o profesorado, o alumnado e a xestión do centro.

- A lingua maioritaria de relación no contorno e nas familias é o castelán. O mesmo sucede na relación familia-alumnado.
- A lingua empregada polas entidades asociativas do contorno é predominantemente o galego.
- No tocante ás materias impartidas, cúmplase coa normativa a través do acordado no proxecto lingüístico do centro. No que fai referencia á relación persoal co alumnado cada profesor/a utiliza galego ou castelán, segundo o contexto, criterios persoais, ... Na maior parte dos casos úsanse indistintamente as dúas linguas.

- A práctica totalidade do noso alumnado comprende o galego, unha importante maioría dispón de coñecementos e recursos para falar galego, pero usa o castelán como lingua habitual de relación.

A competencia lingüística en lingua galega dos alumnos e alumnas non se traslada ao seu uso real. Os usos da lingua galega como lingua habitual focalízanse maiormente naqueles ámbitos académicos de uso obrigatorio e nas propostas dinamizadoras plantexadas desde o propio centro e/ou doutras institucións.

- A xestión administrativa do centro, tanto a nivel interno como nas relacións con outros organismos e entidades da Comunidade Autónoma, realízase en lingua galega. Tanto na xestión académica coma pedagóxica o idioma empregado a nivel escrito polo profesorado é maioritariamente o galego. Do mesmo xeito sucede nas comunicacións escritas: circulares, follas informativas ás familias, etc.

3.2. Centro

O CEIP de Cabanas está situado no nº 72 do lugar de Cabanas.

O recinto escolar ten unha superficie total aproximada de 7540 m². Nel atópase o edificio principal, cunha planta en forma de L e superficie aproximada de 1500 m², que consta de baixo e 1º andar.

Na parte sur do edificio temos un pequeno patio cuberto duns 300 m². Tamén o patio exterior con dúas pistas polideportivas, bancadas e unha zona habilitada no extremo sur para o alumnado de 4º de E. Infantil.

Na parte norte está o camiño de acceso, o aparcadoiro e diversas zonas axardinadas.

Anexo á parcela atópase un pavillón municipal do que temos un uso preferente no horario lectivo.



En xeral podemos afirmar que as infraestructuras e instalacións das que dispomos son, en termos xerais, adecuadas e en bo estado de conservación o que non pon atrancos significativos para cumprir coas finalidades da institución e dar resposta ás necesidades da comunidade educativa.

Datos identificativos

Titularidade	Consellería de Educación – Xunta de Galicia
Nome	CEIP de Cabanas
Enderezo	Lugar Cabanas, 72 . Salcedo – Pontevedra (36143)
Teléfono- Fax	886151582-83-84
e-mail	ceip.cabanas@edu.xunta.es

web	http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcabanas/
Niveis educativos	Educación infantil e Educación Primaria
Nº de unidades	<ul style="list-style-type: none"> • Por catálogo: 3 unidades de E. Infantil y 6 unidades de E. Primaria • En funcionamento: 4 unid. de E. Infantil y 8 unid. de E. Primaria
Nº de alumnos/as	269 (curso 19/20)
Nº de profesores/as	20 (dedicación completa) +1(compartido)
Réxime de horario	Xornada continuada
Horario clases	9:30 h.-14:30 h.
Servizos complementarios	<ul style="list-style-type: none"> • Plan Madruga (7:45h. – 9:30 h.) • Comedor (14:30 h a 17:00 h) • 3 liñas de Transporte Escolar
Centro de adscrición	IES Gonzalo Torrente Ballester

O CEIP de Cabanas é un centro escolar de titularidade pública e depende da Consellería de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia.

As ensinanzas impartidas comprenden o segundo ciclo de E. Infantil e a totalidade da E. Primaria.

A orde do 12 de agosto de 2010, determina para o noso centro un total de 9 unidades de catálogo (6 de E. Primaria e 3 de E. Infantil). Ademáis destas, funcionan varias unidades habilitadas cada curso.

Segundo a mesma orde do 12 de agosto de 2010 corresponden 15 postos de traballo repartidos do seguinte xeito: 4 de E. Infantil, 5 de E. Primaria, 1 de filoloxía Inglesa, 1 de filoloxía francesa, 1 de E. Musical, 1 de E. Física, 1 de pedagogía terapéutica e 1 orientador compartido.

Nos cursos escolares con unidades en funcionamento habilitadas, este cadro de persoal complementábase con varios membros para cumprir co estipulado na normativa vixente.

Estamos adscritos ao IES Gonzalo Torrente Ballester

O edificio, de baixo e planta, dispón das seguintes dependencias:

Planta baixa

- Aulas 1, 2, 3, 4, 5 e 6. Sitúanse nelas as aulas de E. Infantil e, en función do número de unidades en funcionamento, os primeiros cursos de E. Primaria ou algunha especialidade.
- Despacho de Secretaría. Destinado a xestións administrativas de Secretaría, arquivo de documentación e sala de reprografía.
- Despacho de Dirección. Adicado a Dirección e Xefatura de Estudos.
- Sala de mestres para traballo persoal do profesorado e realización de reunións e actividades de coordinación.
- Biblioteca. Ademáis do emprego propio como Biblioteca, tamén se utiliza ás veces como lugar de reunións, sala de conferencias, ...
- Local da ANPA. Empregado pola ANPA Bolboreta
- Sala de Usos múltiples para sesións de psicomotricidade, festivais e celebracións conxuntas. Nela tamén se ofrecen os servizos de Plan Madruga e Comedor da FANPA.
- Aseos. Separados para profesorado, alumnado de E. Primaria, alumnado de E. Infantil e adaptados. Os aseos de E. Primaria teñen anexas as antigas duchas actualmente empregadas coma almacéns.
- Cuarto de caldeiras.
- Cuarto da limpeza para útiles e equipamentos para a empresa de limpeza.
- Almacén baixo as escaleiras.
- Vivenda do conserxe. Para residencia do funcionario municipal.

1º andar

- Aulas 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 15 e 17. Adicadas ás unidades de E. Primaria e/ou a especialidades (inglés, Relixión, Plástica, Ciencias), en función do número de unidades en funcionamento. A aula 13 ten un almacén anexo habilitado.
- Aula 14. Aula de Música
- Aula 16. Gabinetes de PT e AL
- Aula 18. Informática.

- Titoría. Adicado a aula de Convivencia Inclusiva e almacén de material didáctico. Espazo habilitado para Radio Escolar.
- Departamento de Orientación. Despacho da xefatura do Departamento de Orientación e reunións do equipo de Orientación
- Aseos para o alumnado desta planta.

Equipamento

O centro dispón dunha dotación adecuada de material curricular e mobiliario que, na súa maioría, presenta un bo estado de conservación.

O equipamento TIC está en proceso de dotación e renovación do existente.

No que atinxe aos materiais curriculares utilizados no colexio como variable metodolóxica, procuramos elaborar ou adquirir os que se adecúen ás necesidades de aprendizaxe segundo a tipoloxía específica de cada contido e o alumnado ao que se dirixe.

3.3. O alumnado

En xeral, os alumnos/as do CEIP de Cabanas responden aos estereotipos sinalados grupos sociais indicados. Non se rexistran problemas importantes de integración nin de absentismo escolar e as dificultades de aprendizaxe están máis relacionadas coa súa propia motivación e capacidades e, nalgúns casos, con circunstancias familiares que xeran carencias de estímulos no alumnado.

Respecto da aprendizaxe observamos distintos niveis de capacidade, ritmos e estilos de aprendizaxe, xunto con diferentes graos de madurez, motivación e autonomía no traballo. Neste senso, cómpre para o profesorado conseguir establecer un equilibrio entre o rigor e a esixencia no traballo e unha actitude flexible e comprensiva cara o alumnado.

Con referencia aos últimos 3 anos, a media de alumnos/as de Primaria que acadan unha avaliación positiva en todas as áreas sitúase no 88.14 %.

Debemos considerar neste punto que a media de alumnado que recibiu apoio por parte do profesorado especialista de PT e AL, sitúase no 16 %.

Desde o punto de vista persoal e a través da observación constatamos, en xeral, os seguintes indicadores:

- A práctica totalidade do noso alumnado comeza a súa escolaridade aos 3 anos de idade, a maioría despois de ter asistido á gardería.
- Contamos con alumnado inmigrante, de etnia xitana e procedentes de ambientes desfavorecidos, sobre un 12% do total. Non se rexistran problemas de integración, aínda que si certas dificultades na adquisición do idioma, e de implicación das familias.
- Obsérvase que, en xeral, resulta difícil inculcar hábitos de traballo cotiáns; fan habitualmente as tarefas pero, con todo, custa instaurar unha cultura diaria de estudo.
- Os mellores resultados escolares atópanse, maiormente, naqueles alumnos/as que posúen un ámbito familiar fortemente implicado no proceso educativo.
- Valoran as relacións afectivas, a consideración do profesorado e a consecución de bos resultados escolares.
- Manteñen unha actitude aberta á participación e colaboración coas actividades do centro e aquelas propostas que supoñan unha interrelación entre grupos.
- A súa actitude cara ao profesorado e ao resto do alumnado é de respecto e consideración.
- Acatan e cumpren as normas de organización e funcionamento de aula e de centro.

3.4.O Profesorado

PROFESORADO	SEGUNDO CATÁLOGO	EN FUNCIONAMENTO
Educación Infantil	4	4
Educación Primaria	5	7
Educación Musical	1	1
Educación Física	1	1
Filoloxía Inglesa	1	2
Filoloxía Francesa	1	1
Pedagoxía Terapéutica	1	1

Audición e Linguaxe	0	1(itinerante)
Dpto. de Orientación	1 (itinerante)	1

Ademais hai unha mestra de Relixión Católica que pertence ao claustro, itinerante que permanece no centro 3 días á semana.

Neste últimos anos o centro estivo inmerso nun proceso de renovación do Claustro, xa que se xubilaron varios dos docentes de Primaria o que contribueu, nestes últimos cursos a certa inestabilidade do persoal docente para abordar Proxectos do centro a longo prazo, situación que se estabilizará nos vindeiros cursos.

3.5. Persoal non docente.

Como persoal non docente están nomeadas as seguintes:

- Conserxe (dependente do concello).
- 1 postos de Persoal de limpeza (dependentes do concello e traballadoras dunha empresa privada).

4. QUEN SOMOS? SINAIS DE IDENTIDADE

O Proxecto Educativo de centro que se presenta xorde da necesidade de revisión e actualización da documentación que rexe e deseña o plano metodolóxico do CEIP de CABANAS.

Os centros educativos son institucións que co paso do tempo e sempre dependendo do conxunto de persoas que conforman a súa Comunidade Educativa están en constante movemento, cambian e evolucionan.

Ante estes cambios, por outro lado lóxicos e normais, é preciso manter e acordar liñas educativas claras e consensuadas que aporten estabilidade e garantías na calidade de educación que se oferta.

Para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte máis produtivo e satisfactorio débense trazar unhas liñas de acción.

Tres son os estamentos da Comunidade Escolar do centro que deben ser coñecedores do presente documento : alumnado, familias e docentes.

Por suposto, cada un dende a súa perspectiva, resultará fundamental que saiban e coñezan a filosofía que se quere transmitir neste documento, desa maneira, e sendo todos e todas partícipes do mesmo, conseguiremos que o CEIP de CABANAS medre e mellore como proxecto educativo.

O Centro asume os seguintes sinais de identidade, entendidos como o conxunto de principios que caracterizan o Centro e orientan o seu labor educativo.

4.1. ESCOLA UNESCO

O CEIP de CABANAS ten a honra de pertencer a REDE DE ESCOLAS UNESCO (RedPEA).

A Red de Escuelas Asociadas de la UNESCO foi fundada pola UNESCO en 1953. O seu obxectivo fundacional é fomentar a cooperación e a paz internacionais a través da educación escolar. Trátase dunha rede mundial que reúne 10.000 institucións educativas de 180 países, entre as que se atopan centros de infantil, primaria, secundaria, formación profesional, ensinanzaes especiais como conservatorios e institucións de formación de profesorado e facultades de educación.

Os obxectivos e proxectos que a RedPEA proporciona son promover a cidadanía global a través de proxectos globais, enfoques innovadores, asociacións escolares, posta a proba de materiais escolares e intercambio de boas prácticas e ideas, contribuíndo de maneira significativa a mellorar a calidade da educación e o aprendizaxe ao longo do mundo.

Tamén define e difunde exemplos prácticos de educación de calidade e insiste nos seguintes temas de estudo:

- [A educación para o desenvolvemento sostenible](#) (Horizonte 2030) Traballando para a consecución dos Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel que son un grupo de obxectivos relativos ó desenvolvemento internacional futuro. Foron creados polas Nacións Unidas e promovidos coma Obxectivos Globais para o Desenvolvemento Sostíbel.
- [A paz e os dereitos humanos](#). Fomentando actividades relacionadas coa Cultura de Paz e defensa dos dereitos fundamentais do ser humano e da Infancia.
- [El aprendizaje intercultural](#). En defensa do patrimonio cultural, material e inmaterial como elemento indispensable dentro da sociedade.

O CEIP de CABANAS leva a cabo cada curso escolar as actividades, que nos ámbitos anteriores propón a Rede Galega de Escolas Unesco, participando activamente nos encontros organizados, tanto de profesorado como de alumnado.

4.2. Confesionalidade

Como Centro de titularidade pública, maniféstase aconfesional e respectuoso con todas as crenzas, segundo os principios constitucionais dun estado laico. Igualmente se manifesta libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada e ningún membro da comunidade educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento en calquera tipo de crenza ou ideoloxía.

Con respecto á área de relixión, a única oferta é a de “Relixión Católica”. Aplícase a normativa legislativa en vigor co alumnado que escolla esta opción, así como con aqueles outros que optan por “Atención Educativa” ou “Valores Sociais e Cívicos”.

4.3. Lingua de aprendizaxe

O CEIP Cabanas utilizará maioritariamente a lingua galega (coa normativa oficial da Real Academia Galega) tanto no seu quefacer interno coma nas relacións externas con outros centros educativos ou administracións territoriais e locais da nosa Comunidade.

No ámbito do emprego da lingua Galega marcámonos os seguintes obxectivos:

- a) Acadar a normalización lingüística do galego.

b) Tentar garantir que, ao remate da súa escolaridade, os alumnos/as acaden a mesma competencia en lingua galega e castelá.

c) O cumprimento da normativa legal en materia lingüística.

d) Consolidar a convivencia das dúas linguas oficiais no desenrolo diario da actividade do centro.

O centro elaborará para cada curso un Proxecto de Dinamización da Lingua Galega cos seguintes obxectivos xerais:

- Fomentar a presenza do galego na vida do centro, posibilitando que o alumnado acade a competencia efectiva en lingua galega.
- Buscar o seu emprego como vehículo natural e propio de comunicación.
- Fomentar o emprego do galego por parte do alumnado máis aló da vida académica.

En canto ás materias impartidas en cada lingua, darase cumprimento ao establecido na lexislación vixente (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo así coma á Instrucción para a aplicación do devandito Decreto, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia) a través do Proxecto Lingüístico.

A materia “Lingua Estranxeira” ofertada polo centro é a lingua Inglesa que será a lingua vehicular na aprendizaxe desa materia. Poderase empregar galego ou castelán indistintamente como lingua auxiliar - se for preciso- segundo a elección do mestre/a especialista.

Tentarase que todas as decisións en materia lingüística procuren a consecución duns niveis de competencias ao final de cada curso-etapa, segundo establece a lexislación vixente.

4.4. Liña metodolóxica.

As necesidades específicas de cada grupo e de cada un dos alumnos/as, as distintas características de cada área, a pluralidade do claustro e os cambios na súa composición cada curso académico, así como as habilidades específicas de cada mestre/a, fan necesario establecer uns métodos didácticos flexibles que inclúan unha gran diversidade de actividades de aprendizaxe para satisfacer as necesidades singulares de cada contexto educativo e as intencións educativas que se propoñen.

En todo caso potenciarase a aplicación de estratexias metodolóxicas cun enfoque construtivista e globalizador; baseadas nos principios da aprendizaxe significativa e o traballo cooperativo.

Procuraremos que o noso alumnado teña un papel activo na aprendizaxe, que analice cos medios ao seu alcance, que observe, que actúe tendo en conta o seu propio ritmo. Tentaremos fomentar a curiosidade, o espírito crítico, o afán investigador e esforzo personal, para que se convirtna na base da súa formación e da adquisición das competencias básicas.

4.5. Tarefas escolares

Entendemos como tales os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para seren realizados fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e con obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Deste xeito, o alumnado investiga, practica e reforza o aprendido na clase e tamén desenvolve as habilidades creativas, de reflexión e críticas.

Serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e a descubrir e poñer en práctica as súas propias técnicas de estudo e de traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia contempla, na súa disposición adicional terceira, que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán, na PXA, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Neste centro, o claustro consensuou, a través da CCP o seguinte en canto aos deberes escolares :

- Completar tarefas que non se remataron na clase.
- Realizar algúns exercicios de reforzo para afianzar aprendizaxes xa traballadas na aula.
- Buscar información para traballos propostos no centro.
- Realizar esquemas, resumos ou mapas.
- Lecturas e tarefas de expresión escrita.

As tarefas propostas poden ser as mesmas para todos os alumnos/as da clase ou poden ser individualmente diferentes, segundo as intencións, necesidades e propostas do profesorado.

As familias deberán mostrar interese por que se fagan pero tratando de que sexan autónomos na súa realización.

Estas tarefas deben ser consideradas por parte do profesorado e valorar e ter en conta posibles carencias ou desigualdades de medios e recursos que poidan ter algúns alumnos.

4.6. Valores e transversalidade

As propostas educativas e dinámicas de actuación deben estar fundamentadas nos principios básicos dunha sociedade democrática, sustentados en valores tales como respecto aos demais, diálogo e non violencia, solidariedade, compañeirismo, tolerancia, autoestima, creatividade, respecto á natureza e defensa do medio ambiente, respecto á diversidade e respecto e fomento das tradicións da nosa cultura.

Neste senso, esta educación en valores ten un carácter transversal e o seu desenvolvemento no noso alumnado posibilitase a través dun tratamento interdisciplinar de contidos transversais como:

- Tolerancia: Aceptando aos demais coas súas calidades e as súas limitacións.
- Igualdade: evitando calquera tipo de discriminación.
- Respetto: Non só cara ás persoas que forman parte da comunidade escolar e social dentro da que se relacionan, senón tamén cara ás instalacións e materiais que nos serven de instrumento no noso quefacer diario, e cara ao medio que nos rodea.
- Solidariedade: Evitando situacións discriminatorias, favorecendo a cooperación, a aprendizaxe cooperativa e a convivencia.
- Democracia: Mediante a participación na vida escolar, valorando as condutas críticas e responsables.
- Responsabilidade: Procurando ser consecuentes coas propias obrigas e accións, favorecendo o interese por aprender, a cultura do esforzo, seriedade no traballo e a madurez na reflexión.
- Autoestima e creatividade: Valorando positivamente as capacidades e habilidades individuais e partindo delas para estimular o seu desenvolvemento persoal e social.
- Pluralidade: Valorando positivamente a diversidade de ideas como fonte de enriquecemento.

4.7. Aulas fóra das aulas.

Para achegar máis aos a nosos alumnos á realidade dende unha óptica distinta á da aula, abrimos as portas ao exterior realizando numerosas saídas didácticas ao longo do curso: culturais, ecolóxicas, científicas, deportivas,...

Asemade para integrar ao noso alumnado ao noso entorno sociocultural asistimos a representacións teatrais, concertos musicais, exposicións,...

A experiencia como docentes, dinos que, co paso do tempo, os recordos escolares crúzanse na nosa memoria con experiencias que deixaron en nós unha pegada inesquecible e que acaban sobresaíndo sobre as actividades cotiás.

Posiblemente algunhas desas experiencias xurdiron en momentos máis distendidos fóra da aula (excursións, saídas, visitas,...) nas que a miúdo se forxan amizades, ademais do valor didáctico que supón estas vivencias e que non poucas veces, marcan o noso camiño.

O alumnado e as suas familias deberán colaborar economicamente coas actividades que se realicen fora do centro para sufragar transporte ou entradas. As actividades que se realicen dentro do centro nunca conlevarán un custe económico para as familias

Temos establecidas unha serie de visitas e actividades, que se repiten cada ano en certos cursos e outras que se programan cada curso escolar e que estarán incluídas dentro da PXA anual.

4.8. Coeducación e igualdade

No centro traballamos activamente pola eliminación das discriminacións por razóns de nacionalidade, sexo, xénero e/ou capacidades e, moi especialmente, polo respecto á identidade e imaxe das mulleres e na superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, que permitan o desenvolvemento integral das persoas, superando os comportamentos sexistas.

O centro realizará celebracións para conmemorar o “Dia da Familia”, mostrando e respectando d realidades familiares de todo tipo.

A proposta do CEIP de CABANAS está dentro do Plan de Igualdade do centro, realizado en outubro de 2019.

4.9.. Atención á diversidade

Partimos da consideración da diversidade como un feito valioso que contribúe ao enriquecemento do grupo e favorece a interdependencia e a cohesión social e por iso apostamos por un modelo de educación inclusiva que defenda unha educación eficaz para todos, sexan cales sexan as súas características persoais, sociais, culturais,... Temos a convicción de que non abonda con que os alumnos/as con necesidades educativas especiais estean integrados nas escolas ordinarias, senón que deben participar plenamente na vida escolar e social da mesma. A resposta educativa nestes casos debe ser diversificada e axustada ás características de cada alumno/a, partindo do principio da personalización do ensino e da inclusión de todos os alumnos/as nun contexto educativo común. Así se concreta no Plan de Atención á diversidade do centro, revisado e actualizado no curso 2018-2019.

De igual modo traballase a cotío para atender todo tipo de diversidade, procurando respectar calquera diferenza do tipo que sexa.

Todas as iniciativas propostas formarán parte, tanto do Plan de Igualdade como do Plan de Atención á Diversidade do centro, documentos oficiais que estarán publicados na web do centro e serán revisados e actualizados periódicamente.

4.10. Tratamento das competencias básicas:

As competencias clave do alumnado podemos entendelas como as capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza ou cada etapa educativa para lograr a resolución eficaz de problemas complexos.

Están ligadas a un desempeño eficaz nun contexto determinado, e deben constituír o punto de referencia para determinar os procesos de avaliación.

O enfoque metodolóxico do centro deberá ser, polo tanto, comunicativo, inclusivo, activo e participativo. Sustentarse en situacións de aprendizaxe integradas e contextualizadas, que permitan afondar en varias competencias a un tempo.

Con estas situacións tentarase que o alumnado aprenda a pensar, a usar procesos creativos, críticos e reflexivos, sendo capaz de buscar, seleccionar e tratar a información para crear

coñecemento un integrado, aplicable en diversas situacións de ensino-aprendizaxe, así como na vida cotidiana.

4.11. Principios de convivencia

O plan de convivencia do centro establecerá

- Tentamos facilitar a integración de todos os membros da comunidade educativa nun proxecto común, mediante o desenvolvemento de actitudes de colaboración e de respecto á diversidade.
- O noso centro procura crear un clima de relacións interpersoais acoledor e comfortable, que estimule a confianza das familias e a asistencia do alumnado.
- Poténciase a realización de actividades que favorezan a interacción entre os alumnos/as de diferentes idades.
- Facílítase e incentívase a participación das familias para contribuír á mellora dos obxectivos educativos.
- O centro aposta polo diálogo, a mediación e a razón como instrumentos para a resolución de conflitos, a través da negociación e o convencemento.
- O centro está aberto ao contorno, favorecendo a interacción co seu medio físico e social, participando nas tradicións culturais e na vida cotiá do municipio.
- Colaboramos cos servizos sociais e educativos do municipio, así como con institucións culturais, deportivas, sociais e educativas que poidan aportar un beneficio na formación integral do alumnado.

4.12. Principios pedagóxicos

- Modelo educativo no que se complementa o papel do alumnado como actor da súa propia aprendizaxe coa tarefa do profesorado como mediador no desenvolvemento das aprendizaxes.
- Organización dos recursos buscando a optimización para prestar a atención á diversidade do xeito máis eficaz.
- Estratexias metodolóxicas baseadas na aprendizaxe activa do alumnado.

- Fomento do espírito crítico fundamentado na liberdade e responsabilidade, tendo en conta as capacidades, intereses e experiencias previas do alumnado.
- Fomento da adquisición de hábitos e técnicas de traballo eficaces.
- Desenvolvemento de hábitos saudables.
- Promoción do coñecemento e emprego das TIC na actividade cotiá dun xeito adecuado, seguro e responsable.
- Búsqueda de metodoloxías que faciliten a competencia para a comunicación en galego, en castelán e e lingua estranxeira (inglés).
- Respecto ao principio de liberdade e autonomía docentes, fomentando e estimulando o traballo coordinado e en equipo do profesorado.
- Colaboración coas familias dende o recoñecemento do papel que corresponde aos pais, nais e titores legais como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as.
- Apertura a procedementos de avaliación internos ou externos, que permitan determinar a idoneidade das estratexias aplicadas e establecer propostas de mellora.

4.13. Área de libre configuración de centro

Segundo establece o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 9/09/14) dando a cada centro a posibilidade e autonomía para establecer 1 hora en cada un dos cursos de 4º e 6º de E. Primaria para ofrecer disciplinas de libre configuración adecuadas a cada contexto socioeducativo.

O CEIP de CABANAS oferta as seguintes disciplinas non avaliadas:

- Para 4º de E. Primaria. *Afondamento nas áreas instrumentais a través das TIC*. Para consolidar coñecementos de informática básicos previos á entrada dos niveis de 5º e 6º de E. Primaria e a entrada no programa E-dixgal.
- Para 6º de E. Primaria. *2º Lingua Estranxeira Francés*. Como iniciación do idioma previo á escolarización do alumnado en 1º ESO, no seguinte curso, no que esta lingua é obrigatoria. Ofertado dende o curso 2019-2020.

4.14. Xestión institucional (relacións centro-entorno)

A nosa idea dunha escola democrática aberta e en continua interacción co noso entorno, precisa dunha participación real e efectiva de todos os membros da comunidade escolar por medio dos representantes elixidos por cada un dos estamentos que a compoñen.

No Centro están establecidos os mecanismos necesarios para esa participación efectiva de profesores, nais/pais e alumnos, persoal non docente ou Concello (Equipos docentes, de traballo, Claustro, Consello Escolar,...) no canto de que as súas opinións sexan consideradas á hora de tomar decisións.

Fóra do Centro, debemos xerar o maior número de relacións entre a escola e Contorna, abrindo aquela e colaborando con, entre outras, as seguintes entidades:

a) Autoridades educativo-administrativas: Sendo un colexio público que imparte ensinanzas de Educación Infantil e Primaria, dependemos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a todos os niveis (económicos, de infraestruturas, lingüístico,...) e en comunicación coa Inspección educativa.

b) Concello: O Centro colabora co Concello nos seguintes ámbitos e accións:

- Participando nas campañas planificadas de carácter cultural, deportivas, de solidariedade, etc.
- Cedendo as instalacións e/ou materiais cando son requiridos, sempre cumprindo as normas establecidas pola Consellería de Educación.
- Accións dirixidas á protección do medio-ambiente en colaboración coa Concellería de Medio Ambiente.
- Educación viaria en colaboración coa Policía Local.
- Coordinación co departamento de Servizos Sociais (accións coas familias en diversos ámbitos).
- Programas de prevención.
- Outros programas e accións ofertados ao longo do curso escolar.

c) A ANPA: representa un elemento clave polo labor de promoción da participación de nais e pais na actividade educativa e pola colaboración e apoio na tarefa de conseguir un Centro con máis e mellores recursos para a acción educativa. Traballamos de xeito coordinado para avanzar en melloras para a Comunidade Educativa.

d) IES Gonzalo Torrente Ballester: Ao concluír a Educación Primaria no noso centro, o alumnado pode acceder directamente ao instituto ao que estamos adscritos. O noso colexio participa nas seguintes accións:

- Coordinación anual co Departamento de Orientación e a Dirección (promoción do alumnado de 6 curso a 1 de ESO). Dita coordinación está establecida dentro do programa de “Transición á ESO”, do Departamento de Orientación.

e) Accións para a Comunidade Educativa. As familias son o pilar máis importante na educación dos nenos/as. Por este motivo deben estar en constante comunicación cos docentes e co centro. Dende o CEIP de CABANAS bríndaselle a oportunidade de participar nas actividades académicas dos seus fillos/as a través de:

- Actividade proposta dende a Biblioteca do Centro para invitar a aquelas familias que así o desexen a compartir as súas experiencias persoais ou laborais co alumnado (contacontos, charlas de outras temáticas,...)

- Charlas formativas para pais/nais dos máis variados temas de interese educativo (prevención, disciplina positiva, educación afectivo-sexual, perigos de internet,...)

- Circulares informativas e documentos de formación ás familias, (Boletíns informativos trimestrais do Dpto. de Orientación) difundidos a través de medios de reprografía, a web do colexio e o Espazo Abalar Móbil.

Esta última ferramenta permítenos transmitir de xeito inmediato a información máis variada (é recibida no móbil): normativas, circulares, becas, axuda de libros, campañas, alertas meteorolóxicas, saídas, incidencias do alumnado, folgas,...

É moi importante para este Centro estar en constante comunicación coas familias para facilitar cada aspecto organizativo e informar no tempo máis breve posible calquera cuestión da que deban ser coñecedores.

- Portas abertas. Hai varias xornadas de apertura do centro para as familias:

- Charla informativa antes do proceso de admisión na que se informa de aspectos organizativos do centro e se fai un percorrido polas instalacións.

- Festa de despedida do curso e do alumnado de 6º.

- Charla informativa das titoras de infantil no mes de xuño para as familias de nova incorporación ao centro no seguinte curso (normas, período de adaptación,...)

- Exposicións: traballos realizados polo alumnado que están expostos nos corredores ou calquera outra exposición no espazo da biblioteca.
- Campañas de solidariedade.

f) Colaboración coas Universidades: O alumnado poderá desenvolver as prácticas dos plans de estudos universitarios de grao e posgrao de universidades. Damos todas as facilidades posibles a estes alumnos e alumnas en prácticas para a utilización dos recursos didácticos do mesmo e a súa integración nas actividades educativas que se desenvolvan. Así mesmo ofrecerémoslle toda a información que sexa necesaria sobre o funcionamento e xestión do Centro colaborando no seguimento e avaliación deste alumnado.

g) Outras entidades:

- Asociacións deportivas: tanto coas do Concello como con outras sempre coa premisa de potenciar o deporte ou o xogo non competitivo.
- Empresas.
- ONGs.

5. QUE PRETENDEMOS? PRINCIPIOS E OBXECTIVOS XERAIS

No informe DELORS (UNESCO, 1999), a Comisión Internacional para a Educación do século XXI propón catro piares básicos sobre os que debe organizarse a educación dos pobos do mundo:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a convivir.
- Aprender a ser.

Partindo destas premisas é responsabilidade dos centros educativos poñer en marcha unha ensinanza-aprendizaxe que nos permita desenvolver no noso alumnado as competencias necesarias para que poida incorporarse á vida adulta cunha ampla formación básica que o capacite para unha aprendizaxe permanente e de conseguir que contribúa realmente á formación de cidadáns preparados para afrontar os retos que nos esperan.

Somos conscientes de que a educación nos países desenvolvidos atópase inmersa nun proceso de cambio e adaptación. Este proceso de innovación é imparabile e así o reflicten as constantes renovacións das lexislacións educativas internacionais. Os centros educativos debemos camiñar cara unha adaptación das novas necesidades e demandas sociais.

No corazón da educación debe estar a transmisión de hábitos e valores e non só os coñecementos curriculares.

Por outra banda, a escola do século XXI non é o único axente que educa, por este motivo debemos implicar a outros axentes socializadores e facilitar as canles para que toda a comunidade educativa asuma responsabilidades de participación.

É a nosa intención conectar os nosos obxectivos coas expectativas e demandas sociais, facendo partícipe ao alumnado, profesorado, familias e comunidade educativa en xeral e actuando especialmente en campos que consideramos esenciais na consecución de parámetros de calidade, equidade e eficiencia:

- Implicación efectiva e esforzo compartido de toda a comunidade educativa.
- Atención á diversidade e prevención das dificultades de aprendizaxe, que concreta e desenvolve o Plan de Atención á Diversidade.
- Fomento da lectura, a escritura e as habilidades de comprensión e expresión da lectoescritura, que se desenvolven a través do Plan Lector.
- Promoción efectiva do plurilingüismo e da cultura galega, que ten a súa concreción no Proxecto Lingüístico do Centro.
- Introducción das novas tecnoloxías na aula e na práctica docente, a través da aplicación do Proxecto TIC.
- Desenvolvemento de habilidades sociais e hábitos de traballo.
- Fomento da convivencia e da participación, a través do Plan de Convivencia.

5.1. Obxectivos de ámbito curricular e innovación

Formar persoas competentes capaces de resolver situacións cotiás en contextos diversos e comprometidos coas responsabilidades colectivas.

Queremos ser unha escola que desenvolva as capacidades que favorezan a adquisición das competencias clave no alumnado, valorando a importancia non só de saber, senón de saber facer e saber ser, mobilizando recursos internos xunto cos recursos externos para que se produzan aprendizaxes significativas, posibilitando ferramentas para todos aqueles procesos ou situacións que se teñan que desenvolver na escola.

Mellorar expresamente a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado, fomentando o manexo de diferentes códigos expresivos (lingüísticos, de imaxe, xestuais, etc.) buscando mellorar a súa capacidade comunicativa.

Unha escola que dote de forma progresiva ao alumnado da capacidade de emitir mensaxes cargadas de valoracións e de matices, con posibilidade de influír a través do que se di e se escribe.

Traballar no 2º ciclo de Educación Infantil os prerequisites para a posterior adquisición da lecto-escritura no 1º nivel de Educación Primaria.

Tendo en conta que a lectoescritura non é un obxectivo no currículo de Educación Infantil traballarase as capacidades que inflúen na adquisición de dito proceso como a coordinación óculo-motriz, orientacións espacio-temporais, percepción e discriminación auditiva, habilidade grafomotriz...

Fomentar a adquisición do grao de autonomía suficiente que lles permita aos alumnos desenvolverse na súa vida cotiá tomando decisións correctas, mediante un sistema adecuado de titorías que permita a atención á diversidade.

Pretendemos posibilitar no noso alumnado o desenvolvemento das competencias básicas necesarias para identificar e xestionar os diferentes recursos da contorna e construír novas aprendizaxes para afrontar con éxito distintas situacións (persoais, sociais, académicas, de ocio...) dentro e fóra da escola a través dunha acción titorial orientadora do seu proceso individual e colectivo.

Crear no Centro un clima acolledor, equilibrado e confortable no que se fomenten as relacións interpersoais positivas e a convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa.

Cremos nunha escola como espazo educativo de convivencia, socializadora e integradora, que traballe na adquisición de estratexias para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos e potencie o traballo en equipo.

Incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe como medios e ferramentas de aprendizaxe e investigación, así como para a xestión do Centro e a súa relación co conxunto da comunidade educativa.

Unha escola que favoreza a utilización das TIC e as redes de telecomunicación como instrumento para a aprendizaxe, posibilitando a competencia dixital no alumnado e integrando na práctica docente as súas potencialidades metodolóxicas e didácticas.

Acomodar as nosas estratexias de ensinanza ás necesidades das nosas alumnas e alumnos, poñendo especial énfase naqueles que teñan necesidades educativas específicas, en función do que permitan os recursos do Centro.

Unha escola cun enfoque pedagóxico que impulse a coordinación entre o profesorado e a promoción de sistemas de organización do apoio e reforzo ao alumnado para atender á diversidade en función das distintas características persoais ou socioculturais de cada nena e neno.

Fomentar a convivencia das tres linguas (galego, castelán e inglés) fortalecendo o proceso de galeguización do Centro e adoptando medidas de apoio e reforzo á lingua inglesa para un correcto uso lingüístico educativo.

Apostamos por integrar a ensinanza bilingüe como un elemento de riqueza non só lingüística senón tamén humana, favorecedora do desenvolvemento de actitudes como o respecto e a tolerancia cara a outras culturas, así como a creación dunha identidade múltiple e plurilingüe.

5.2. De ámbito da participación e da integración

Manter ao Centro como unha institución aberta e en continua interacción coa súa contorna, potenciando, difundindo e desenvolvendo actividades colectivas de extensión cultural que fomentan a cooperación entre os membros da Comunidade Educativa

Unha escola que identifique, xestione e aproveite os diferentes recursos que ten ao seu dispor cunha dobre intención: integrar aos nenos e nenas na súa contorna socio-cultural, pero tamén establecer referencias que favorezan o coñecemento dunha realidade máis ampla, sabendo, ademais, usar e aplicar eses coñecementos en situacións e contextos reais.

Potenciar os mecanismos e os procesos de participación activa e democrática de todos os membros da comunidade educativa para ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades a todo o alumnado.

Queremos unha escola que todos sintamos como nosa, que fomente a participación e a implicación de todos na vida escolar e que cree un ambiente de cooperación entre os membros da comunidade escolar favorecedor dunha liña de traballo continua e coordinada.

Establecer relacións de colaboración e coordinación co IES Gonzalo Torrente Ballester e con outras institucións da zona.

A través de actividades conxuntas, xuntanzas, portas abertas,...

Manter a participación das familias na vida do Centro incrementando a calidade e fluidez da mesma, incluíndo a elaboración de programas de asesoramento que as orienten na realización de accións que favorezan a formación integral dos seus fillos e fillas

Unha escola que, a través da mutua relación interactiva coas familias, posibilite a unificación das normas e pautas de actuación nos ámbitos familiar e escolar.

Promover a eliminación da discriminación de xénero no CEIP CABANAS e a formación das nenas e nenos nos valores que lles permitan desenvolver en sociedade as súas capacidades, sen limitacións en función do sexo

Unha escola pensada como espazo de igualdade, que permita a construción da personalidade libre de estereotipos e roles de xénero.

5.3. De ámbito da organización e da administración

Flexibilizar e reestruturar o Currículo para que sexa unha ferramenta útil e colectiva da nosa intervención na aula.

Cremos necesario adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas do noso Centro, tomando como referencia a información que nos proporciona avaliación de cada etapa, de nivel e de diagnóstico.

Dinamizar a vida do Centro, a partir do traballo en equipo e a coordinación entre os profesionais do equipo docente do Centro.

Fomentando o traballo dos equipos docentes, facilitando a coordinación e o intercambio de estratexias metodolóxicas e favorecendo o perfeccionamento, tanto interno como externo, do profesorado.

Coordinar o paso da Etapa de Infantil a Etapa de Primaria.

A finais de curso o profesorado de 6º de Educación Infantil acompañará ao alumnado desta Etapa a coñecer as novas aulas e espazos nos que se instalarán en Primaria para facilitar un primeiro achegamento a este cambio de Etapa.

No mes de setembro, o profesorado do 1º curso de Primaria reunirse co profesorado de 6º de Educación Infantil (do curso anterior) co fin de recadar toda a información relevante sobre o

alumnado que sexa de axuda para elaborar a súa avaliación inicial e consensuar criterios para favorecer o tránsito axustado da Etapa de Infantil a Primaria.

Coordinar o paso da Etapa de Primaria á ESO.

A través do programa do Departamento de Orientación “Transicións á ESO”, que se levará a cabo no 3º trimestre do curso, en coordinación co Departamento de Orientación do IES Gonzalo Torresnte Ballester.

Promover proxectos de formación e innovación e cantas actividades se consideren adecuadas para a permanente actualización científica, pedagóxica e profesional do profesorado.

Un profesorado reflexivo e comprometido cos propósitos do CEIP CABANAS que se forme e actualice, tanto persoal como colectivamente, investigando na acción e abrindo perspectivas novas encamiñadas á mellora da calidade do ensino.

Participar en Plans, Proxectos ou Programas de innovación e cantas actividades se consideren axeitadas para mellorar as competencias, habilidades e aprendizaxes no noso alumnado.

Ditos programas é un forma de apertura das aulas e do centro a outro tipo de actividades que motive ao alumnado a completar a súa formación integral participando activamente e involucrándoo na realidade social na que nos movemos e nos novos retos que nos propón o futuro.

Manter integrado ao Centro no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, co obxecto de potenciar o uso da Biblioteca como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do Centro.

Pretendemos que a nosa Biblioteca se converta en lugar de encontro e de convivencia, espazo de aprendizaxe e de contacto gozoso coa cultura escrita; de integración dos distintos soportes e formatos que albergan a información e os contidos culturais, de oportunidade para soñar e imaxinar; de apoio para a adquisición de competencias básicas e construción de coñecementos de calquera tipo.

5.4. De ámbito dos recursos

Xestionar de forma eficaz todos os recursos dispoñibles, humanos, materiais e económicos, facilitando os procedementos administrativos mediante unha organización rigorosa e eficaz dos medios.

Consideramos os recursos como un dos elementos de calidade do ensino, deseñando a ordenación e utilización racional deles en función dos obxectivos xerais sinalados e das posibilidades reais da nosa escola a través dunha xestión que se concreta no Plan Xeral Anual para cada curso escolar

Crear e utilizar instrumentos eficaces para a difusión da comunicación externa e interna das actividades que se desenvolven no Centro.

Utilizando procedementos formais en documentos escritos ou a través de plataformas dixitais como a páxina web do centro, os blogs de cada nivel e equipos didácticos, o Abalarmóbil...

Seguindo os mecanismos de comunicación interna e externa do centro tal e como está establecido no Plan de Comunicación do Centro realizado en 2020.

Optimizar a oferta de actividades Complementarias e Extraescolares, organizadas pola ANPA Bolboreta e o Concello

Participando na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Manter actualizada de forma permanente a dotación material e instalacións do Centro para facilitar unha formación baseada nas tecnoloxías máis innovadoras.

É indudable que as tecnoloxías da información e comunicación están presentes en todos os campos da actividade humana. As súas ferramentas fanse imprescindibles para todos nós e esta realidade ten sen dúbida unha repercusión no ámbito docente.

Entendemos o seu uso de dúas maneiras diferentes: familiarizarse co ordenador e utilizalo como un instrumento útil para os estudos e como apoio da aprendizaxe.

5.5. De ámbito dos servizos

Comprometer a todas as persoas da comunidade educativa no coidado e mantemento das instalacións e os recursos materiais da escola nas condicións adecuadas para uso e goce de todos.

Unha escola comprometida co coidado dos recursos, instalacións e entorna natural, facendo do Centro un espazo educativo agradable, vivo e enriquecedor.

Fomentar patios dinámicos xa que o xogo e o tempo de lecer tamén é unha parte fundamental do desenvolvemento infantil. Un patio con diferentes opcións de xogo tamén favorecerá valores como o compañeirismo, a socialización e a inclusión.

Xestionar e/ou supervisar as actuacións relativas á organización e funcionamento das prestacións de carácter complementario (Transporte) que ofrece o Centro.

Estamos comprometidos co mantemento duns servizos complementarios que, ademais de cumpriren as súas funcións básicas, contribúan á acción educativa do Centro como son as actividades extraescolares en horario de tarde non lectivo, organizadas pola Anpa Bolboteta.

O comedor é xestionado pola Fanpa ofertando outros servizos como Plan Madruga. Servizos entendidos como posibles opcións de conciliación familiar aspecto que é moi valorado polas familias do noso alumnado.

6. COMO NOS ORGANIZAMOS?

A organización será a vía que nos permita no CEIP de CABANAS conseguir os obxectivos do Proxecto, facilitar as tarefas e ordenar os recursos existentes. Pretendemos evitar a duplicación de esforzos e a descoordinación que puidera existir establecendo unha estrutura organizativa adecuada e necesaria para que toda a acción educativa encamiñada ao desenvolvemento integral do alumnado sexa unha tarefa de todos e non unha actividade illada

6.1. Órganos de Goberno e Participación.

De acordo co previsto na Lei Orgánica 2/2006 e no Regulamento Orgánico dos Colexios de Educación Primaria (**Decreto 374/1996, do 17 de outubro e Orde do 22 de xullo de 1997**), no CEIP de CABANAS existirán os seguintes Órganos de Goberno e Participación:

Órganos Colexiados de Goberno:

6.1.1. Consello escolar

O Consello Escolar do CEIP de CABANAS é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade educativa. As súas competencias e réxime de funcionamento están reguladas no artigo 43 do Decreto 374/1996

O Consello Escolar estará composto polos seguintes membros:

- Director/a, que será o seu Presidente/a.
- Xefe/a Estudos.
- Un concelleiro ou representante do Concello de Pontevedra.
- 5 profesores elixidos polo Claustro.
- 5 pais/nais elixidos por eles, dos cales un será designado pola Asociación de Pais e Nais “Bolboreta”.
- Un representante do persoal de administración e servizos
- O secretario/a do centro, que terá voz pero non voto.

6.1.2. Claustro de Profesores

O Claustro de Profesores do CEIP de CABANAS é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do Centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do Centro. O Claustro estará presidido polo/a Director/a e integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no CEIP de CABANAS. As súas competencias e réxime de funcionamento establécese no Artigo 47 do Decreto 375/1996

6.1.3. Órgano Executivo de Goberno: Equipo Directivo.

O Equipo Directivo é o órgano executivo de goberno do CEIP de CABANAS. Estará integrado polo Director/a, O/A Xefe/a de Estudos e o/a Secretario/a.

As súas funcións e réxime de funcionamento concréntanse nos Artigos 27,34 e 35 do Decreto 374/1996

6.2.Órganos de Coordinación Docente.

6.2.1. Equipos de nivel/ciclo/Etapa.

O equipo de Etapa Primaria estará formado por todo o profesorado que imparta docencia en Primaria. Dentro de este equipo de etapa Primaria, formaremos equipos de ciclo que estarán

compostos polos titores deses niveis, que serán 1º CICLO (1º E 2º DE E. Primaria), 2º CICLO (3º e 4º de E. Primaria) e 3º CICLO (5º e 6º de E. Primaria) e algún especialista que imparta neses cursos.

O Equipo de Etapa Infantil estará composto pola especialistas de Educación Infantil (titoras e profesorado de apoio) e algún especialista desa etapa.

As reunións están establecidas segundo calendario establecido na PXA.

O centro ten por catálogo, 9 unidades (3 de E. Infantil, e 6 de E. Primaria), sen embargo hai cursos escolares nos que por aumento de matrícula pode desdoblarse algún nivel, e se debe distribuir ao alumnado en 2 clases. Para realizar estos agrupamentos teranse en conta o seguinte:

- Terase en conta a equiparación por sexos (mesmo nº de nonos e nenas en cada clase), e de NEE e Neae, que serán repartidas.
- A distribución poderá cambiarse ao pasar de etapa ou de ciclo de consideralo conveniente segundo necesidades educativas ou de conduta.
- Sólo nos casos de alumnxs mellizos ou xemelgos se terá en conta a opinión das familias, na conveniencia de separalos ou mantelos xuntos na mesma clase.

6.2.2. Comisión de coordinación pedagóxica (CCP)

A comisión Pedagóxica estará constituída polo/a director/a como Presidente, o/a Xefe/a estudos, Xefe/a de Departamento de Orientación, os coordinadores de etapa/ciclo/nivel, os mestres de PT e AL, o/a Coodinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), o/a coordinador/a da Biblioteca.

As súas competencias e mailo réxime de funcionamento están fixadas nos artigos 61 e 62 do Decreto 374/1996.

6.2.3. Equipo de dinamización da lingua galega

Coa finalidade de dinamizar e potenciar o uso da lingua galega no CEIP de CABANAS constitúese o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) de acordo co establecido no Decreto 79/2010 para o plurilingüísmo no Ensino non universitario de Galicia.

Será o responsable do deseño, posta en práctica e revisión do programa de actividades de fomento da lingua galega no marco do Proxecto Lingüístico do Centro.

O equipo de Dinamización estará constituído por un mestre de cada nivel e estará dirixido por un/ha coordinador/a preferentemente con destino definitivo no Centro e por un período de 2 anos académicos renovables.

As súas competencias e mailas do seu coordinado/a así coma o seu réxime de funcionamento están reguladas nos Artigos 64 ao 68 do Decreto 374/1996 .

6.2.4. Equipo de actividades complementarias e extraescolares

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do CEIP de CABANAS será o encargado de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. Estará dirixido por un/ha Coordinador/a, preferentemente con destino definitivo no Centro, e por un período de dous cursos académicos renovables, se é o caso.

As súas funcións definición e ámbitos de actuación están definidos dos artigos 69 ao 79 do decreto 374/1996

6.2.5. Departamento de orientación:

As liñas de actuación do Departamento de Orientación do CEIP de CABANAS levaranse a cabo en base a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación,

Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para unificar actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

A organización e funcionamento do D.O aparece desenvolta na ORDE do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

6.2.6. Características e necesidades específicas do alumnado do centro.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que tentan previr e dar resposta ás necesidades temporais ou permanentes de todo o alumnado do centro, e entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada de factores persoais ou sociais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de altas capacidades, de compensación lingüística, comunicación, linguaxe ou da discapacidade física, psíquica, sensorial ou con

trastornos graves de personalidade, da conduta ou do desenvolvemento, de graves trastornos da comunicación e do desaxuste curricular significativo.

Terase en conta as actuacións programadas no centro, así como a influencia do contorno no que se move o alumnado. Buscaremos o apoio doutros sectores próximos nos que traballar de maneira coordinada e planificada. Sendo o contexto máis próximo a familia. A tolerancia, o respecto, a diversidade, así como a empatía, son moi importantes para unha atención á diversidade axeitada.

O obxectivo fundamental é que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais, e en todo caso os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas e todos.

A actuación integral rexerese polos principios de normalización e inclusión e realizarase tan axiña como ditas necesidades sexan identificadas.

Seguirase o Decreto 229/2011 do 7 de decembro (DOG do 21/12/2011) polo que se regula a atención á diversidade dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa concreción no Plan de Atención á Diversidade do centro.

O noso centro conta con alumnado de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), alumnado de étnia xitana, inmigrantes e alumnado con diversidade funcional que hai que darlle resposta dende os diferentes ámbitos educativos. Os métodos pedagóxicos serán amplos e variados adaptados a cada caso de forma individual e partindo dos centros de interese de cada alumno ou alumna e a súa capacidade, tentando así desenvolver un ensino baseado na experiencia directa e funcional para a vida diaria.

O obxectivo fundamental é que poidan alcanzar ao máximo o desenvolvemento das súas capacidades persoais, intelectuais, sociais e emocionais, e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todos e todas os alumnos e alumnas. Á nosa metodoloxía engadímollle a estreita colaboración e coordinación entre todos os profesionais implicados na súa aprendizaxe, a familia e os recursos externos ao centro educativo, para así dar resposta a unha educación integral que o acompañe ao longo do seu desenvolvemento.

6.2.7. Titorías

Cada grupo de alumnos/as terá un Mestre/a titor/a que exercerá as funcións que se especifican no artigo 8 do Decreto 374/1996 ademais das previstas no Plan de Acción Titorial.

6.3. Outras estruturas organizativas

6.3.1. Equipo da biblioteca

O obxectivo fundamental deste Equipo vai ser o de integrar a nosa BIBLIOTECA “PATATECA” no proceso educativo a través dun Proxecto Lector que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades comunicativas.

A biblioteca convértese no eixo vertebrador dos recursos e dinámicas do centro.

O equipo da Biblioteca estará constituído, sempre que sexa posible, por un Mestre de cada nivel e estará dirixido por unha coordinadora preferentemente con destino definitivo no Centro e por un período de dous cursos académicos renovables.

6.3.2. Equipo das tecnoloxías da información e da comunicación:

O equipo das Tecnoloxías da información do CEIP de CABANAS terá a responsabilidade de incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe a través do desenvolvemento do Plan TIC coa participación activa de todo o equipo docente, que articule todas as intervencións que se van realizar no Centro aproveitando as posibilidades que as TIC ofertan.

O centro conta con un espazo dedicado a aula de informática con 14 puntos de conexión. Tamén con pantalla dixital e canon.

Cada nivel de Primaria dispón dunha sesión semanal na que a aula de informática está reservada para o seu uso.

En cada aula de Primaria hai ordenador, e canon. En 3 de E.Infantil e 3 de primaria hai pantalla dixital.

O equipo das TIC estará dirixido por un Coordinador/a preferentemente con destino definitivo no Centro e por un período de dous anos académicos renovables.

6.3.3. Equipo UNESCO

Equipo que organiza e desenvolve actividades propostas pola REDE DE ESCOLAS UNESCO, rede á que pertencemos, dende fai anos.

Este equipo está formado por un/unha coordinador/a, sendo un profesor/a definitivo no centro, membro do equipo directivo e os coordinadores de equipos e departamentos: biblioteca, EDLG, actividades extraescolares, Tic, procurando que esteñen representadas as dúas etapas e niveis educativos que hai no centro.

Dotarase ao profesor/a coordinador tempo lectivo para a coordinación sempre que as necesidades do centro o permitan.

6.3.4. Comisión de Convivencia

Trátase dun órgano colexiado que se crea para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do Centro, propoñer e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura e da paz e para mellorar o clima de convivencia do CEIP de CABANAS.

Terá carácter consultivo e velará pola correcta aplicación do disposto no Plan de convivencia e nas normas de convivencia do cada centro.

Constitúese, ao abeiro do disposto no Decreto 85/ 2007, do 12 de abril no seo do Consello Escolar e estará integrado por membros do mesmo e fundamentada nos seguintes documentos:

- Na Lei orgánica 2/2006 e a 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa que establecen a autonomía dos centros na elaboración das normas de convivencia.
- Na Lei 2/2014, do 14 de abril pola igualdade da trato.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- E o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño

Composición:

- O/A director/a do centro que será o seu presidente.
- O/A xefe/a de Estudos.
- 1 representante da ANPA.
- 3 representantes do profesorado.
- 1 representante do persoal non docente.

Como asesora a Xefa de Departamento de Orientación e a dinamizadora de fomento da igualdade real e afectiva de mulleres e homes.

As súas competencias están reguladas no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro que desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño.

6.3.5. Persoal non docente

O persoal non docente ao servizo do Centro concrétese en:

- Conserxe.
- O persoal de limpeza é contratado polo Concello a través dunha empresa externa.

Alén do seu réxime administrativo e/ou laboral, desenvolverán a súa actividade conforme aos principios que rexen a normas de convivencia, organización e funcionamento do Centro.

6.3.6. Asociación de nais e pais “BOLBORETA”:

A ANPA Bolboreta é o órgano de representación das nais/pais ou titores legais dos alumnos e alumnas do CEIP de CABANAS, cunha organización que se desenvolve a través dunha Xunta Directiva elixida entre os seus membros, renovable cada 3 cursos.

Ademais de levar a cabo as actividades previstas nos seus estatutos dentro do marco dos fins que a lei lles asigna como propios, realiza as seguintes actividades:

- Organiza un amplo abano de actividades extraescolares que se desenvolven en horario de 16:30/17:00 h a 18:30/19:00 h., que varían cada curso escolar, segundo a demanda de entre variadas propostas.
- Organizan actividades e talleres puntuais para alumnado e familias sobre temas de interese como técnicas estudo.
- Ofrece actividades lúdicas para familias: festas, espectáculos, xornadas convivencia, etc.
- Colaboración económica coas familias socias, nas actividades complementarias organizadas polo centro, como material informático e xogos e xoguetes para espazos e tempos de lecer do alumnado.
- Colaboración económica co centro, facilitando diferentes materiais e recursos para o centro, material informático, xogos lúdicos tanto para o patio como para as aulas.
- Subencionando actividades complementarias e charlas formativas tanto para alumnado como para profesorado.
- Colaboración no coidado e mellora de instalacións como pintado do patio exterior do centro e o acondicionamento do horto escolar.

6.3.7. Concello

O centro colabora co Concello en actividades, cursos, proxectos de variada temática: medio ambiente, dinamización da lingua galega, igualdade, educación vial, deporte, cine, teatro, Salón do libro, Ponteenciencia, etc

6.4. OUTROS ASPECTOS DE FUNCIONAMENTO. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

6.4.1. Transporte escolar

Consideramos o transporte escolar como un servizo educativo complementario que comporta a responsabilidade e implicación de toda a comunidade educativa na súa prestación.

Os usuarios deben respectar as normas establecidas nas NOF do centro.

Hai 3 liñas de bus nas que viaxan uns 150 alumnos/as

En cada autobús viaxa unha acompañante do transporte que cumpre as funcións establecidas para este servizo.

Dende o Centro estableceuse unha canle de comunicación inmediata entre as acompañantes e a dirección do centro a través de Whatsapp por se xurde calquera incidencia nas diferentes rutas.

Ao principio de curso fáiselles entrega do listado de alumnado correspondente a cada liña e un modelo de autorización para aquelas familias que autorizan a ir sós ao alumnado para casa e tamén onde se asinan as autorizacións das diferentes persoas, distintos ao pai/nai/titor, que recollerán aos nenos/as nas paradas.

6.4.2. Comedor escolar

Entendemos o comedor escolar como un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, está integrado na vida e organización do Centro.

A responsabilidade da súa xestión correspóndelle á Fanpa (federación de anpas). Fai unha xestión indirecta a través dunha empresa contratada para tal fin, que neste momento é "ARUME", ofrecendo o servizo de catering.

Contan con normas propias que regulan o seu funcionamento. Son usuarios do comedor a meirande parte do alumnado xa que é considerado un servizo de conciliación familiar e, na actualidade, non está suxeito a baremo para acceder a el.

6.5. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.

O centro dispón dun Plan de Autoprotección renovado en setembro de 2019. Cumpre coa lexislación vixente e está rexistrado no REGAPE.

O claustro e persoal non docente recibeu unha charla formativa no 1º trimestre do curso que entrou en vigor.

Será revisado e actualizado cando segundo a lexislación o determine.

6.6. AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un mecanismo regulador do proceso de ensinanza-aprendizaxe no que se analiza o papel de todos os elementos que interveñen no proceso educativo: alumnado, profesorado, obxectivos propostos, metodoloxía, actividades de intervención e técnicas de avaliación utilizados.

Segundo a Orde de 9 de xuño de 2016, de avaliación da E.Primaria, no art. 5, contemplase que o alumnado de 6º nivel de E. Primaria con rendemento excelente poderá recibir unha *Mención Honorífica* nas súas cualificacións. Sendo o criterio do centro que o alumnado acade unha media igual ou superior a 9.5, para acadar a distinción e o recoñecemento da *Mención Honorífica*.

A avaliación aplicarase á totalidade do documento pero prestando especial atención a elementos principais como:

- **Análise das adquisicións realizadas polo alumnado** ao longo do proceso de aprendizaxe en relación cos obxectivos previstos inicialmente, co fin de proporcionarlles as axudas necesarias que lles permitan ir mellorando.

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, global e terá un carácter formativo.

Partiremos dunha **avaliación inicial** que nos vai permitir coñecer o punto de partida de cada alumno/a ao iniciaren o proceso educativo.

Faráselle un seguimento da actividade do alumno/a, dificultades, ritmo e estilo de aprendizaxe,... que nos vai permitir ir facendo os axustes pedagóxicos necesarios para poder comprobar ao remate do proceso, se acadaron o desenvolvemento adecuado ás competencias básicas e medir o grao de eficacia de todo o proceso.

Cada programación didáctica de cada área e/ou nivel establecerá a avaliación an cada nivel educativo.

- **Análise da práctica docente** e dos procesos de ensinanza a través do desenvolvemento da programación.

O profesorado debe contar con procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensinanza e aprendizaxe e como un ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación (Orde ECD/65/2015 de 21 de xaneiro).

6.7. DIFUSIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO.

O PE dun centro é imprescindible que sexa coñecido pola Comunidade Educativa. Usarase as seguintes formas de difusión:

- Debater no claustro de xeito constante aspectos concretos do PE relativos á problemática que supón a súa aplicación para, deste xeito revisalo e melloralo continuamente.
- Presentalo ao Consello Escolar para o seu coñecemento e difusión entre todos os membros que o compoñen.
- Publicación na web do centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcabanas/> , xunto cos outros documentos que o completan este PEC.

